



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

Dirección Xeral de Formación Profesional

Admisión Formación Profesional 2024-2025

- Oferta ordinaria

Instrucións xerais



Índice

1	Introdución.....	3
2	Prazo de presentación de solicitudes.....	3
3	Presentación de solicitudes de admisión.....	3
3.1	Proceso de admisión centralizado ao 1º curso da oferta ordinaria.....	4
3.2	Proceso de admisión non centralizado ao 2º curso da oferta ordinaria.....	4
4	Documentación.....	4
5	Grupos de admisión e distribución de prazas.....	5
5.1	Distribución de prazas en ciclos de grao medio.....	5
5.2	Distribución de prazas en ciclos de grao superior.....	5
6	Criterios de prioridade.....	6
6.1.1	Prioridades de acceso a ciclos medios.....	6
6.1.2	Prioridades de acceso a ciclos superiores.....	6
7	Criterios de desempate.....	7
8	Consulta de información do proceso de admisión.....	7
9	Resolución provisional de solicitudes e reclamacións.....	7
10	Resolución definitiva de solicitudes.....	7
11	Primeira adxudicación ordinaria e matrícula.....	7
12	Segunda adxudicación ordinaria e matrícula.....	8
13	Terceira adxudicación ordinaria e matrícula.....	8
14	Liberación de prazas.....	8
15	Adxudicación continuada.....	8
15.1	Ciclos de grao medio e de grao superior.....	8
16	Procedemento de matrícula.....	9
16.1	Matrícula de persoas con praza adxudicada no proceso centralizado.....	9
16.2	Matrícula de persoas que solicitan prazas liberadas.....	9
16.3	Matrícula para 2º curso do réxime ordinario.....	9
17	Renuncia á praza adxudicada en oferta ordinaria.....	10
18	Matrícula simultánea en ciclos formativos.....	10
19	Prazas vacantes da oferta ordinaria ocupadas polo alumnado en oferta modular.....	11
20	Remate do procedemento de admisión e matriculación.....	11
21	Número mínimo de solicitudes de matrícula.....	11
22	Acceso de persoas con titulación estranxeira.....	11
23	Admisión a ciclos con requisitos psicofísicos.....	12
23.1	Grao medio de Operacións Subacuáticas e Hiperbáricas.....	12

1 Introducción

A Orde do 15 de xuño de 2016 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de grao medio e de grao superior en réxime ordinario e para as persoas adultas establece que a Dirección Xeral de Formación Profesional ditará as normas para o desenvolvemento do proceso de admisión en centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan ciclos formativos de formación profesional de grao medio e de grao superior.

Como consecuencia da implantación para o curso 2024-2025 dos primeiros cursos da oferta ordinaria das ensinanzas de ciclos formativos de grao medio e de grao superior derivados da Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional, é de aplicación o regulado para os efectos de acceso e admisión no Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de formación profesional. Deste xeito, modifícanse os criterios e os grupos de acceso segundo o establecido nos artigos 111 e 115 do real decreto para os ciclos formativos de grao medio e de grao superior respectivamente.

En todo o non regulado polo Real decreto 659/2023 continua a ser de aplicación o disposto na Orde do 15 de xuño de 2016 e na normativa de Galicia aplicable.

Así mesmo, desaparecen os criterios de prioridade derivados da modalidade de bacharelato cursada ou da titulación de formación profesional de grao básico coa que se accede segundo o establecido en:

- Disposición adicional quinta do Real decreto 498/2024, do 21 de maio, polo que se modifican determinados reais decretos polos que se establecen títulos de formación profesional de grao básico e se as súas ensinanzas mínimas.
- Artigo décimo do Real decreto 500/2024, do 21 de maio, polo que se modifican determinados reais decretos polos que se establecen títulos de formación profesional de grao superior e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

2 Prazo de presentación de solicitudes

O **prazo de presentación de solicitudes de admisión** para as ensinanzas de formación profesional en oferta ordinaria para o curso 2024-2025 será desde o **24 de xuño ás 9:00 horas ata as 13:00 horas do 4 de xullo**.

3 Presentación de solicitudes de admisión

Para presentar a solicitude de admisión a ciclos formativos de formación profesional hai que ter en conta o seguinte:

- Unicamente poderá presentar a solicitude quen cumpra os requisitos de acceso no momento da presentación da solicitude de admisión.
- Serán excluídas dos procesos de admisión a ciclos formativos as solicitudes das persoas matriculadas en ESO, bacharelato ou FP (incluída a FCT), agás o establecido para as solicitudes de matrícula simultánea.
- Tamén serán excluídas dos procesos de admisión a outras ofertas de formación profesional as solicitudes das persoas nalgunha das seguintes circunstancias:
 - Admitidas (seleccionadas) nun proxecto de FP dual intensiva.
 - Admitidas en cursos de especialización de formación profesional.

- As persoas non admitidas en ningún proxecto de FP dual intensiva ou en ningún curso de especialización continuarán no proceso de admisión a ciclos formativos.

3.1 Proceso de admisión centralizado ao 1º curso da oferta ordinaria

A presentación de solicitudes realizarase segundo o disposto nos **artigos 15 e 17 da Orde do 15 de xuño de 2016** pola que se regula o procedemento de admisión.

Deberase cubrir unha única solicitude por cada grao, medio ou superior, no que se desexe participar. En cada solicitude poderá optarse a catro opcións de centro e ciclo.

A solicitude realizarase **utilizando o asistente informático** que estará dispoñible en www.edu.xunta.gal/fp. A aplicación avisará no caso de que fose necesario achegar documentación, que poderá engadirse en soporte electrónico. Non será necesario presentar o resguardo da solicitude nin a documentación nun centro, agás que a aplicación indique que para que sexa unha solicitude válida teña que ser entregada, xunto coa documentación necesaria, nun centro educativo con oferta de FP sostida con fondos públicos para ser selada, datada e validada.

No caso de se detectar erros na instancia validada, e só durante o prazo de presentación de solicitudes, poderán xerarse e validarse outra/s solicitude/s de admisión. Só se considerarán os datos da derradeira solicitude validada.

De ser necesaria a entrega, xunto coa documentación, nun centro educativo, poderase presentar a solicitude, cuberta mediante o asistente informático e asinada, en sobre aberto en calquera oficina de Correos, para ser remitida por correo certificado co selo de Correos coa data de entrega, lugar, hora e nome da oficina (artigo 31 do Real decreto 1829/1999), e **a persoa solicitante pedirá explicitamente que se fagan constar as circunstancias do envío**, logo da comparación co documento de identidade, segundo o referido artigo. **A solicitude irá dirixida ao centro elixido en primeira opción**. A documentación presentada que non sexa orixinal deberá estar compulsada; tamén se deberá incluír unha copia simple do documento de identidade. Será necesario remitir, **nos prazos de admisión**, unha copia da documentación presentada e selada, mediante correo electrónico, ao centro ao que vaia dirixida a solicitude. Os enderezos electrónicos dos centros pódense consultar en:

- <https://www.edu.xunta.gal/centroseducativos/>

3.2 Proceso de admisión non centralizado ao 2º curso da oferta ordinaria

A presentación de solicitudes realizarase segundo o disposto no **artigo 16** da devandita Orde do 15 de xuño de 2016. Neste caso, a solicitude non se cobre mediante o asistente informático senón que se empregará o anexo I, que estará dispoñible na páxina <http://www.edu.xunta.gal/fp> e na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> (procedemento ED519A).

4 Documentación

A documentación para presentar será a establecida nos artigos 15 e 16 da Orde do 15 de xuño de 2016, para ciclos formativos de oferta ordinaria. Nos procesos centralizados de admisión o asistente informático indica a documentación que cumpra presentar cando a Administración non dispoña dela ou non sexa posible a súa consulta nos sistemas informáticos.

Cando os estudos requiridos para o acceso a ciclos se realizasen en centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia e en ensinanzas ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, non cumprirá a achega da documentación relativa aos requisitos de acceso, agás nos casos en que a Administración educativa así o demande.

Tampouco será necesaria a presentación do certificado de superación da proba de acceso a ciclos formativos, cando a proba se realizase na Comunidade Autónoma de Galicia despois do ano 2008, agás nos casos en que a Administración educativa así o demande.

5 Grupos de admisión e distribución de prazas

Os artigos 111 e 115 do Real decreto 659/2023 establecen rangos de porcentaxes de prazas para cada grupo de admisión. Os números enteiros de prazas que corresponden a cada un destes grupos de admisión e para cada cota das establecidas no artigo 3 da Orde do 15 de xuño de 2016 poderanse consultar na táboa publicada en www.edu.xunta.gal/fp.

5.1 Distribución de prazas en ciclos de grao medio

- Grupo 1 (entre 75 % e 85 %). Para persoas con título de graduado en ESO ou técnico básico de formación profesional.
- Grupo 2 (entre 10 % e 20 %). Persoas que superasen un curso de formación específico ou unha proba de acceso.
- Grupo 3 (ata 10 %). Persoas con título de técnico ou de técnico superior (ou outros academicamente superiores).
- Persoas que teñan un grao C (certificado de profesionalidade) integrado no ciclo formativo e sen ningún dos anteriores requisitos; accederán no caso de prazas liberadas.

De quedaren prazas sen adjudicar nalgún grupo, adjudicaranse primeiro ás persoas solicitantes do grupo 1, logo ás do grupo 2 e, finalmente, ás do grupo 3, ata a adjudicación total das prazas. Se tras o proceso aínda quedaren prazas dispoñibles, ofreceranse como prazas liberadas. A adjudicación de prazas vacantes poderase realizar desde a primeira adjudicación de prazas.

5.2 Distribución de prazas en ciclos de grao superior

- Grupo 1 (entre 75 % e 85 %). Para persoas con título de bacharelato e técnicos de ciclo medio cunha asignación de prazas non inferior ao 45 % en calquera deles. Establécense dous subgrupos:
 - Grupo 1.1. Título de bacharelato.
 - Grupo 1.2. Títulos de técnicos de FP e de artes plásticas e deseño.
- Grupo 2 (entre 10 % e 20 %). Persoas con curso de formación ou proba de acceso.
- Grupo 3 (ata 10 %). Persoas con título de técnico superior (ou outros academicamente superiores).
- Persoas que teñan un grao C (certificado de profesionalidade) integrado no ciclo formativo e sen ningún dos anteriores requisitos; accederán no caso de prazas liberadas.

De quedaren prazas sen adjudicar nalgún grupo, adjudicaranse primeiro ás persoas solicitantes do grupo 1,1, logo ás do grupo 1,2, logo ás do grupo 2 e, finalmente, ás do grupo 3, ata a adjudicación total das prazas. Se tras o proceso aínda quedaren prazas dispoñibles, ofreceranse como prazas liberadas. A adjudicación de prazas vacantes poderase realizar desde a primeira adjudicación de prazas.

6 Criterios de prioridade

No caso de haber máis solicitudes que postos escolares de nova oferta dispoñibles aplicaranse as prioridades establecidas nas seguintes táboas.

6.1.1 Prioridades de acceso a ciclos medios

Prioridades no acceso a ciclos medios de oferta ordinaria		
Grupo 1	1	<ul style="list-style-type: none"> Graduado en ESO ou técnico básico de formación profesional obtidos nos tres últimos anos naturais. Graduado en ESO ou técnico básico de formación profesional obtidos antes dos tres últimos anos naturais.
	2	<ul style="list-style-type: none"> Técnico auxiliar. 2º de BUP cun máximo de dúas materias pendentes. Ensinanzas de artes aplicadas e oficios artísticos, o 3º curso do plan do 1963 ou 2º de comúns experimentais e bacharelato superior.
	3	<ul style="list-style-type: none"> PCPI con módulos obrigatorios superados.
Grupo 2	1	<ul style="list-style-type: none"> Proba de acceso a ciclos formativos de grao medio de FP ou curso de acceso a ciclos medios.
	2	<ul style="list-style-type: none"> Proba de acceso a ciclos formativos superiores de FP.
	3	<ul style="list-style-type: none"> Proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos. Proba de acceso a ciclos formativos medios e superiores de ensinanzas deportivas ou de artes plásticas e deseño .
Grupo 3	1	<ul style="list-style-type: none"> Título de técnico.
	2	<ul style="list-style-type: none"> Título de bacharelato. BUP.
	3	<ul style="list-style-type: none"> Título de técnico superior. Título de técnico especialista.
	4	<ul style="list-style-type: none"> Título universitario.

6.1.2 Prioridades de acceso a ciclos superiores

Prioridades no acceso a ciclos superiores de oferta ordinaria			
Grupo 1	Subgrupo 1.1	1	<ul style="list-style-type: none"> Título de bacharelato obtido nos tres últimos anos naturais.
		2	<ul style="list-style-type: none"> Título de bacharelato obtido con anterioridade aos tres últimos anos naturais.
		3	<ul style="list-style-type: none"> BUP + COU. BUP + PREU.
		4	<ul style="list-style-type: none"> BUP.
	Subgrupo 1.2	1	<ul style="list-style-type: none"> Título de técnico da mesma familia profesional obtido nos tres últimos anos naturais.
		2	<ul style="list-style-type: none"> Título de técnico doutra familia profesional obtido nos tres últimos anos naturais.
		3	<ul style="list-style-type: none"> Título de técnico da mesma familia profesional obtido con anterioridade aos tres últimos anos naturais.
		4	<ul style="list-style-type: none"> Título de técnico doutra familia profesional obtido con anterioridade aos tres últimos anos naturais.
Grupo 2	1	<ul style="list-style-type: none"> Proba de acceso a ciclos formativos superiores de FP ou curso de acceso a ciclos superiores. 	

	2	<ul style="list-style-type: none">Proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
Grupo 3	1	<ul style="list-style-type: none">Título de técnico superior.Título de técnico especialista.
	2	<ul style="list-style-type: none">Título universitario.

7 Criterios de desempate

A relación de ciclos formativos co sexo preferente que corresponde asignar nos casos de empate entre varias persoas solicitantes por un mesmo posto escolar está dispoñible no enderezo web www.edu.xunta.gal/fp

De persistir o empate, este resolverase empregando como criterio de ordenación os derradeiros cinco díxitos numéricos do documento oficial de identidade (DOI).

8 Consulta de información do proceso de admisión

Toda a información do proceso de admisión centralizada estará dispoñible no enderezo web www.edu.xunta.gal/fp. Para a consulta da situación individual pódese usar o DOI e o código da solicitude, usuario e contrasinal de edu.xunta.gal, chave 365 e certificado dixital.

Nas datas establecidas, poderase consultar a situación individual das resolucións provisionais e definitivas de persoas solicitantes, así como a relación de persoas admitidas e en espera, no enderezo web www.edu.xunta.gal/ciclosadmisión.

9 Resolución provisional de solicitudes e reclamacións

O **día 10 de xullo** poderase consultar de xeito individualizado a información da resolución provisional de solicitudes da persoa solicitantes para cada grao (medio ou superior) no que participe. No caso de solicitudes excluídas aparecerá consignada a causa de exclusión.

Establécese un **prazo de reclamacións** desde o **día 10 ás 9:00 horas ao 12 de xullo ás 13:00 horas**.

10 Resolución definitiva de solicitudes

O **día 17 de xullo** poderase consultar de xeito individualizado a información da resolución provisional de solicitudes da persoa solicitantes para cada grao (medio ou superior) no que participe. No caso de solicitudes excluídas aparecerá consignada a causa de exclusión.

11 Primeira adxudicación ordinaria e matrícula

O **día 17 de xullo** publicarase a primeira relación ordinaria de prazas adxudicadas en cada ciclo formativo de grao medio e de grao superior. As persoas con praza adxudicada deberanse matricular no prazo abranguido desde o **día 17 ás 9:00 horas ao día 22 de xullo ás 13:00 horas**. De non facelo, perderán o dereito de matrícula nas prazas adxudicadas.

No caso da oferta ordinaria, non matricularse nin renunciar significará quedar excluído/a do proceso de admisión.

12 Segunda adxudicación ordinaria e matrícula

O día **24 de xullo** poderase consultar de xeito individualizado a segunda relación ordinaria de prazas adxudicadas en cada ciclo formativo de grao medio e de grao superior. As persoas con praza adxudicada deberanse matricular no prazo abranguido desde o día **24 ás 9:00 horas ata o día 31 de xullo ás 13:00 horas**. De non facelo, perderán o dereito de matrícula nas prazas adxudicadas.

No caso da oferta ordinaria, non matricularse nin renunciar significará quedar excluído/a do proceso de admisión.

13 Terceira adxudicación ordinaria e matrícula

O día **2 de setembro** poderase consultar de xeito individualizado a terceira relación ordinaria de prazas adxudicadas en cada ciclo formativo de grao medio e de grao superior. As persoas con praza adxudicada deberanse matricular no prazo abranguido desde o día **2 ás 9:00 horas ata o día 5 de setembro ás 13:00 horas**. De non facelo, perderán o dereito de matrícula nas prazas adxudicadas.

No caso da oferta ordinaria, non matricularse nin renunciar significará quedar excluído/a do proceso de admisión.

14 Liberación de prazas

A Dirección Xeral de Formación Profesional poderá liberar as prazas vacantes dos ciclos formativos ata o **20 de setembro ás 13:00 horas** para alumnado que acredite o cumprimento dos requisitos de acceso. Os centros efectuarán a matrícula por estrita orde de chegada das solicitudes de matrícula.

A relación dos ciclos formativos coa condición de liberados e o número de prazas dispoñibles en cada un deles poderase consultar na páxina web de formación profesional.

15 Adxudicación continuada

15.1 Ciclos de grao medio e de grao superior

No caso dos ciclos con **listaxe de espera**, abrirase un proceso de adxudicación de prazas vacantes residuais entre o **11 de setembro ás 9:00 horas e o 27 de setembro ás 13:00 horas**. Os centros con prazas nesta situación, efectuarán chamamentos telefónicos ás persoas que corresponda segundo a listaxe de espera para cubrir as prazas vacantes. As chamadas efectuaranse aos números de teléfono consignados na solicitude de admisión. Procederase á matriculación das persoas que acepten a praza.

Para cada persoa realizarase un mínimo de tres intentos de chamada separados por media hora. Se houber dous teléfonos intentarase en ambos. **Se finalmente non se localiza a persoa, pasarase á seguinte da listaxe.**

No caso de contactar coa persoa, explicaráselle que ten a posibilidade de matricularse na praza vacante (pódese dar media hora para o pensar). A persoa ten dúas opcións logo de recibida a información:

- **Renunciar:** a renuncia é exclusivamente a esa praza. No resto das listaxes de espera nas que estivese, non será modificada a súa posición, incluídas as de menor prioridade, xa que este é un procedemento deseñado para cubrir as vacantes residuais do proceso de admisión.
- **Aceptar:** a persoa terá **24 horas** para entregar toda a documentación para formalizar a matrícula e iniciar a actividade lectiva. **Non presentarse no prazo implicará a perda do dereito sobre esa praza.** A aceptación da praza significará a renuncia a continuar no proceso de admisión.

Nesta fase do proceso, cada centro chama o alumnado das súas listaxes de espera de xeito independente, polo que non é posible ter en conta a orde de prioridade que cada persoa establecera na súa solicitude de admisión. Deste xeito, pode ocorrer que unha mesma persoa poida ser chamada desde varios centros diferentes e;smo unha persoa xa chamada neste proceso e pendente de matrícula pode ser chamada por outro centro.

16 Procedemento de matrícula

16.1 Matrícula de persoas con praza adxudicada no proceso centralizado

As persoas que participen no proceso de admisión centralizado e obteñan algunha praza adxudicada terán que se matricular no período de matrícula da correspondente adxudicación. Para efectuar esta matrícula, deberán obter o modelo de impreso de solicitude de matrícula que estará dispoñible en <http://www.edu.xunta.gal/fp>. Este documento, cuberto coa matrícula e asinado, deberase entregar persoalmente ou por persoa autorizada no prazo de matrícula establecido para a correspondente adxudicación no centro en que lle fose adxudicada a praza en que se vaia matricular. Así mesmo, está dispoñible o servizo de reserva/matriculación de praza a través da aplicación informática; esta é unha opción máis recomendable que a de efectuala de xeito presencial. De non efectuar a matrícula na praza adxudicada no prazo establecido para o efecto, **perderá o dereito á praza** e só poderá matricularse no caso de existir vacantes.

Para o **1º curso da oferta ordinaria** poderase realizar a solicitude/reserva de matrícula nas prazas adxudicadas a través de internet na aplicación informática que se atopará no enderezo web <http://www.edu.xunta.gal/fp>. Para o acceso, entre outros procedementos de autenticación, será preciso cubrir os datos de identificación e do código da solicitude de admisión coa que se obtivo a praza adxudicada.

A solicitude de matrícula web deberase facer no prazo indicado no calendario para esa adxudicación. O centro, durante a primeira semana de clase, solicitaralle ao alumnado matriculado por este procedemento a xustificación do pagamento do seguro escolar e poderá solicitar a documentación relativa ao requisito de acceso. Non atender estes requirimentos pode ser causa de anulación da matrícula ou baixa de oficio. Calquera outra documentación que o centro considere necesaria non ten carácter obrigatorio de entrega por parte do alumnado.

16.2 Matrícula de persoas que solicitan prazas liberadas

As persoas que desexen matricularse nunha praza liberada entregarán persoalmente ou por persoa autorizada o anexo I segundo corresponda, xunto coa documentación necesaria, no centro que teña a praza liberada, dentro do período correspondente.

16.3 Matrícula para 2º curso do réxime ordinario

O procedemento de solicitude e matrícula en 2º curso non está centralizado; non poderá utilizarse o asistente web para realizar a solicitude. Coa entrada en vigor da Orde de admisión de 2016, as follas de solicitude e de matrícula son a mesma (anexo I), polo que haberá dúas situacións:

- Alumnado con praza garantida por pasar de 1º a 2º curso ou repetir 2º por primeira vez no mesmo centro e ciclo: cumprirá que realice a solicitude no período correspondente, desde o **24 de xuño ás 9:00 horas ata o 4 de xullo ás 13:00 horas**, e que a entregue no centro no que vaia cursar os estudos. Non será preciso que no período de matrícula volva cubrir o impreso de matrícula.
 - **O centro disporá de prazo ata o día 5 de xullo ás 14:00 horas para rexistrar as matrículas de 2º curso con praza garantida na aplicación XADE.**

- O alumnado noutras circunstancias (artigo 16 da orde do 15 de xuño de 2016) sen praza garantida deberá presentar a seguinte documentación: certificación académica do centro de orixe, onde conste explicitamente que se cumpren os criterios de promoción ao segundo curso. Tamén deberán constar as cualificacións dos módulos de 1º curso.
- O criterio de prioridade para o acceso ao 2º curso será a nota media, calculada con dous decimais, dos módulos de 1º curso do ciclo.

17 Renuncia á praza adxudicada en oferta ordinaria

As persoas solicitantes de primeiro curso da oferta ordinaria poderán renunciar a unha praza adxudicada e permanecer no proceso de admisión, á espera de que lles sexa adxudicada algunha das opcións de maior prioridade que a adxudicada. A renuncia afectará á praza que lle fose adxudicada e a todos os ciclos sinalados en lugares posteriores na solicitude.

A renuncia deberase realizar a través da aplicación informática que se atopa no enderezo web <http://www.edu.xunta.gal/fp>, seguindo o procedemento que se habilite para esta finalidade.

Tamén se poderá realizar a renuncia co impreso correspondente, que estará dispoñible en <http://www.edu.xunta.gal/fp>. Este documento, cuberto coa renuncia e asinado, deberase entregar no prazo de matrícula establecido para a correspondente adxudicación en calquera centro de Galicia con oferta de formación profesional sostida con fondos públicos ou no centro no que lle fose adxudicada a praza á que vai renunciar.

Renunciar á adxudicación dunha praza da oferta ordinaria é condición indispensable para permanecer na listaxe de espera dos ciclos de maior preferencia que a praza adxudicada. As persoas solicitantes con praza adxudicada que non se matriculen e non presenten renuncia no prazo indicado **perderán o dereito á praza** e só poderán matricularse no caso de existir prazas vacantes ou liberadas.

18 Matrícula simultánea en ciclos formativos

O alumnado matriculado nun ciclo formativo, en bacharelato ou na ESO poderá solicitar a autorización de matrícula simultánea de acordo co procedemento e nas condicións que se establecen no artigo 6 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

O prazo de presentación de solicitudes abranguerá **desde o 10 de setembro ás 9:00 horas**, sempre que existan prazas dispoñibles e non haxa listaxe de espera, **ata o 13 de setembro ás 13:00 horas**.

O Servizo Territorial de Inspección Educativa resolverá a autorización no prazo que abrangue desde o **10 de setembro ata o 16 de setembro ás 14:00 horas**, á vista dos informes da inspección dos centros implicados na solicitude, se existe unha compatibilidade horaria mínima do 90 %, que se deberá remitir ao centro educativo a través da aplicación informática que xestiona a admisión antes do remate do período de matrícula.

De acordo co artigo 6.2.d) da citada Orde do 12 de xullo de 2011, logo de concedida a autorización da matrícula simultánea, o alumno ou a alumna poderán formalizar a matrícula no centro educativo no prazo que abrangue desde o **17 ás 9:00 horas ata o 20 de setembro ás 13:00 horas**, sempre que existan prazas dispoñibles e non haxa listaxe de espera.

No caso do alumnado que teña pendente de superación unicamente o módulo de Formación en centros de traballo e/ou o módulo de Proxecto, de ser o caso, poderá solicitar a matrícula simultánea, a partir do **10 de setembro** ou en calquera momento do curso académico, co fin de efectuar a matrícula no devandito módulo, nas condicións establecidas no artigo 6.5 da Orde do 28 de febreiro de 2007 pola que se regula o módulo profesional de formación en centros de traballo da formación

profesional inicial, para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.

19 Prazas vacantes da oferta ordinaria ocupadas polo alumnado en oferta modular

O alumnado matriculado por oferta modular nas prazas que resulten vacantes da oferta ordinaria (anteriormente denominado réxime ordinario) asistirá ás actividades lectivas coa organización establecida para a oferta ordinaria. En todo caso, a matrícula parcial de módulos realizarase para o mesmo ciclo formativo e non poderá superar a carga lectiva anual de 1000 horas. A avaliación realizarase en oferta modular e, para estes efectos, o profesorado da oferta ordinaria incorporárase á xunta de avaliación correspondente da oferta modular.

20 Remate do procedemento de admisión e matriculación

O proceso de matriculación rematará o día **20 de setembro**. A partir desta data, non se producirá matriculación ningunha sen autorización expresa da Dirección Xeral de Formación Profesional. Esta autorización farase por medio da aplicación informática que xestiona a admisión.

21 Número mínimo de solicitudes de matrícula

Consonte a normativa que regula a oferta formativa de ciclos de formación profesional, no caso de non acadarse o número mínimo de solicitudes de matrícula de primeira opción no período ordinario, non se poderán realizar matrículas nin impartir o ciclo nin os módulos sen a autorización expresa da Dirección Xeral de Formación Profesional. Esta autorización poderá realizarse a través da aplicación informática.

22 Acceso de persoas con titulación estranxeira

No caso das solicitudes para o acceso a ciclos formativos nas que se aleguen titulacións obtidas fóra do Estado español é moi importante que os datos persoais e académicos da credencial de homologación ou da declaración responsable para inscrición condicionada coincidan cos da solicitude de admisión.

No espazo habilitado na aplicación (despois de marcar a entrega da solicitude e acceder á fiestra de validación) para cargar especificamente a documentación de estudos estranxeiros deberase achegar:

- No caso de dispor de **homologación** do título estranxeiro:
 - Documento oficial de identidade (DOI).
 - Homologación do título.
- No caso de **non** dispor da **homologación** do título estranxeiro:
 - Documento oficial de identidade.
 - Solicitude de homologación e/ou validación de títulos e estudos estranxeiros de ensinanzas non universitarias (anexo I da Orde reguladora do procedemento de homologación) co selo de rexistro de entrada.
 - Declaración responsable para inscrición condicionada en centro docente e/ou exame oficial (anexo III da Orde reguladora do procedemento de homologación) co selo de rexistro de entrada.

- Resgardo de pagamento da taxa de solicitude de homologación (excepto para o título de graduado en ESO).

Nos casos nos que a identidade coa que se obtivo a credencial de homologación ou os da declaración responsable para inscrición condicionada sexan diferentes aos do DOI que se entrega coa solicitude de admisión, será necesario achegar certificado do Rexistro Civil ou da Policía onde se acredite que se trata da mesma persoa.

No proceso de admisión das persoas que desexen acceder a ciclos formativos de formación profesional con titulacións obtidas fóra do territorio do Estado español, empregárase a nota media reflectida na credencial definitiva de homologación dos seus estudos cos correspondentes españois necesarios para o acceso a ciclos. No caso de non teren reflectida nota media na credencial definitiva de homologación ou de alegaren solicitude de declaración responsable para inscrición condicionada, consignaráselles unha nota de cinco puntos.

23 Admisión a ciclos con requisitos psicofísicos

23.1 Grao medio de Operacións Subacuáticas e Hiperbáricas

A admisión ao ciclo formativo de grao medio de Operacións Subacuáticas e Hiperbáricas requirirá ter dezaoto anos feitos no momento de presentación da solicitude, así como superar unha serie de probas físicas en instalacións en terra e en piscina, un exame médico específico, unha avaliación psicolóxica de aptitude para o mergullo profesional e unha proba de compresión e tolerancia ao osíxeno hiperbárico, de acordo coa disposición adicional primeira da Orde do 15 de xuño de 2016 e co artigo 31 da Orde do 23 de abril de 1999 pola que se regula o exercicio do mergullo profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para poder realizar as probas físicas en terra e piscina é necesario presentar un certificado médico ordinario en impreso oficial que os cualifique "coa aptitude física necesaria para a realización das probas físicas tanto en terra como en piscina" esixidas para o acceso ao primeiro curso do ciclo de grao medio de mergullo (anexo IV da Orde 23 abril de 1999 da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura DOG nº 90 do 12/05/1999)

O exame médico específico e a avaliación psicolóxica realízanos facultativos homologados para o efecto, e é requisito previo para poder realizar a proba de cámara hiperbárica.

Por razóns de seguridade non é posible incrementar o número de prazas ofrecidas do ciclo, polo que, de ser necesario, a reserva de prazas para deportistas de alto nivel ou de alto rendemento se realizará descontando a praza reservada por esta cota do total do número de prazas ofrecidas.

Debido ás características especiais do ciclo de grao medio de Operacións Subacuáticas e Hiperbáricas e á necesidade dunha convocatoria para a realización de probas específicas, só se terán en conta as solicitudes que teñan como primeira opción este ciclo. Non será posible solicitar este ciclo en opcións de preferencia posteriores á primeira.

A información sobre todo o relativo a requisitos e probas específicos para o ciclo de grao medio de Operacións Subacuáticas e Hiperbáricas estará dispoñible no centro onde se ofrece e na súa páxina web www.igafa.es, Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGafa). Lugar Niño do Corvo s/n, CP 36626, Ila de Arousa (Pontevedra). Teléfono: 886 159 303/886 159 304.